

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN PERMANENTE DA XUNTA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 18 DE XANEIRO DE 2019

Lista de asistentes

Equipo Decanal

Cadilla Lomba, Josefina T.
Fernández Fernández, Adolfo
Reboreda Morillo, Susana

PDI

Barriocanal López, Yolanda
Prada Rodríguez, Julio

PAS

Rodríguez Bouzas, Josefa

No Decanato da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnenos os membros da Comisión Permanente, o venres 18 de xaneiro de 2019, ás 13.00 h en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

- 1.- Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 12 de setembro de 2018.
- 2.- Informe da presidenta.
- 3.- Aprobación, se procede, da solicitude de cambio de horarios na materia do Grao en Xeografía e Historia de terceiro curso, segundo cuadrimestre: Sistemas de representación xeográfica.
- 4.- Rolda de intervencións.

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 12 de setembro de 2018.

Apróbase por asentimento.

2. Informe da presidenta.

Non hai asuntos que informar.

3.- Aprobación, se procede, da solicitude de cambio de horarios na materia do Grao en Xeografía e Historia de terceiro curso, segundo cuadrimestre: Sistemas de representación xeográfica.

Explica a decana que Miguel Ángel Álvarez Vázquez, novo profesor contratado para a materia de Sistemas de Representación Xeográfica, tras consensuar co alumnado implicado, propón os seguintes cambios no horario: pasar a clase dos mércores de 13.00 a 14.00 ao luns de 13.00 a 14.00 e as prácticas dos xoves de 11.00 a 13.00 ao luns de 16.00 a 18.00. O profesor pide desculpas, pero é o único xeito de poder compatibilizar a docencia co resto dos seus compromisos profesionais.

Apróbase por asentimento



4. Rolda de intervencións.

Non se presentan.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13.30 h do día 18 de xaneiro de 2019, da que eu como secretaria dou fe, co visto e praxe da decana.

A decana

A secretaria

Asinado dixitalmente

Asinado dixitalmente

Susana Reboreda Morillo

Josefina T. Cadilla Lomba